



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de decembro de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trece de decembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(996).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbanse as actas das sesións ordinarias do 2 e 9 de decembro e extraordinarias e urxentes do 3 e 9 de decembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(997).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 17946/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/12/2024, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica Municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 17366/111
Sentenza nº 198 do 2 de outubro de 2024.
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.
Abreviado: 145/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución do 01/03/2024 desestimatoria de reclamación de RPA polos danos sufridos cando transitaba pola rúa As Teixugueiras.
Expte(s):6415/243
Contía: 29.500,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto contra a resolución desestimatoria da reclamación por responsabilidade patrimonial.

A demandante sufriu unha caída na Rúa Teixugueiras, diante do número de policía 19. Levaba un saco de alimento para animais domésticos e non se percatou dunha elevación mínima a carón dun alcorque para árbores, caendo ao chan.

Na sentenza se conclúe, trala práctica da proba, que a demandante estacionou o seu vehículo nun lugar non permitido -parada de autobús-, e atravesou a beirarrúa por unha zona non destinada ao tránsito de persoas. O defecto no pavimento, por outra banda, era visible, advertible, e se non o apreciou a demandante era porque portaba o saco.

O que determina a ruptura do nexo causal e a desestimación da demanda por falta de atención da demandante.

O servizo de Patrimonio-responsabilidade patrimonial debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 17516/111
Sentenza nº 201 do 4 de outubro de 2024.
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.
Abreviado: 183/2024
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: desestimación presunta, por silencio administrativo, de reclamación de RPA formulada por danos ocasionados á súa vivenda, derivados dos traballos de desbroce realizados en parque biosaudable colindante.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Expte(s): 7231/243

Contía: 363,00 €

A sentenza desestima o recurso contencioso interposto contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos producidos nas ventas e persianas da súa vivenda situada no entresolo da rúa Vila Miñor, 5 de Vigo por falta de proba da causa efectiva dos danos e do responsable destes que impide trasladar a responsabilidade a Administración demandada.

Contra a sentenza que non efectúa expresa condena en costas non cabe recurso de apelación.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

3.- Contencioso. Expediente nº 17197/111

Sentenza nº 173 do 8 de outubro de 2024.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Abreviado: 107/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 15-04-2024 desestimatoria das alegacións formuladas contra a sanción imposta.

Expte(s): 316850/280

Contía: 900,00 €

A sentenza estima parcialmente o recurso contencioso fronte o decreto do 15 de abril de 2024 desestimatorio das alegacións do recorrente fronte a sanción imposta no expte 2024/08134 por infracción do artigo 77.j do RD 6/2015, da LSV- non identificar ao condutor-anulando e revocando a actuación administrativa por apreciar, de oficio, que non figura incorporado ao expte administrativo o recibo do "aviso de chegada" aínda que se fai constar no acuse que foi deixado, polo que non considerada acreditado pola administración o cumprimento de tal requisito causando indefensión ao recorrente.

A sentenza que é firme, non contén declaración expresa en canto as custas - estimación parcial.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva.

4.- Contencioso. Expediente nº 17660/111

Sentenza nº 206 do 24 de outubro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviado: 226/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 02/07/2024 desestimatoria das alegacións formuladas contra a denuncia que lle impón sanción de 300 euros e retirada de 2 puntos do permiso de conducir

Expte(s): 321492/280

Contía: 300,00 €

Sentenza firme, pola que se desestima o recurso c-a interposto contra a desestimación do recurso presentado no Concello contra a sanción de 300 euros e perda de 2 puntos por exceso de velocidade na Avda de Samil.

O demandante alegada a falta de dúas fotografías e a falta de certificación de verificación do radar na súa totalidade, incluída a caixa envolvente do mesmo. A sentenza desestima o recurso por canto este tipo de radares non esixen dobre fotografía e consta no expediente a certificación de verificación do radar.

Contra esta sentenza non cabe recurso. Con expresa imposición de costas ao demandante por importe de 50 euros + IVA por honorarios de letrada.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de recadación executiva e á Policía Local para o seu coñecemento.

5.- Contencioso. Expediente nº 17661/111

Auto nº 114 do 23 de outubro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviado: 228/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo do 16/06/2024 ditada no expediente nº 2024/08196

Expte(s): 321491/280

Contía: 900,00 €

O auto acorda ter por desistido ao recorrente declarando a terminación do procedemento sen imposición de costas, e o arquivo das actuacións unha vez transcorridos 5 días hábiles nos que cabe recurso de reposición.

Debe coñecer o resolto o servizo de Seguridade e Recadación Executiva.

6.- Contencioso. Expediente nº 16189/111

Sentenza nº 194 do 30 de outubro de 2024.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Ordinario: 240/2023

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares.

Obxecto: Resolución ditada o 02/06/2023 pola Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de Vigo que autoriza ao titular do establecemento denominado Café Jonathan sito no Centro Comercial Coia 4 a colocar durante todo o ano 2023, mesas e cadeiras conforme ao plano que se achega coa propia resolución.

Expte(s): 132075/210

Contía: Indeterminada.

Sentenza (non firme) pola que se desestima o RCA interposto contra o outorgamento municipal de licenza para a instalación dunha terraza vinculada a unha actividade de bar, sobre un espazo de uso público e titularidade privada (CC COYA 4).

A entidade recorrente (CCPP CC COYA 4) pretendía a nulidade de pleno dereito da licenza de terraza por canto (1) non fora autorizada previamente pola CCPP demandante como titular do espazo, (2) incorreu en desviación da Ordenanza polo feito de que a estruturación do espazo de uso público propiedade da actora, no foi obxecto dun proxecto técnico singular



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

aprobado pola XGL, (3) vulnera a ordenanza polo incumprimento das distancias que se deben observar na implantación das terrazas respectos ás fachadas, a outros elementos urbanos, itinerarios peonís, etc...

Ante ditos prantexamentos o xulgador entende que o Concello resolve as solicitudes de instalación de terraza atendendo ás previsións da ordenanza, non ás previsións recollidas nos acordos privados da CCPP; que a ordenanza municipal non establece como requisito a autorización previa da CCPP, polo tanto nin incorreu en vicio de nulidade; establece que, se a actora considera que a actuación consistente na instalación da terraza na súa propiedade, non é respetuosa coa súa normativa interna, ou cos acordos que tivera adoptado, é libre para recabar a tutela xudicial efectiva que lle permita remover esa situación, ante a xurisdición competente e de forma completamente ao marxe da existencia da licenza que se combate; que o procedemento de outorgamento de licenza non esixe audiencia á actora; que non hai desviación da ordenanza polo feito de que o espazo non estea reestruturado nun proxecto técnico xa que esta previsión está reservada para lugraes de maior significación e repercusión social (Porta do Sol, Pr. Constitución, etc...); por último descarta a existencia de discordancia entre os termos da licenza e a Ordenanza mo relativo ás distancias a fachada e outros elementos, tal e como expuso o enxeñeiro municipal.

Contra esta sentenza cabe recurso de apelación. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo e á concelleira de Seguridade para o seu coñecemento.

7.- Contencioso. Expediente nº 15975/111

Sentenza nº 192 do 30 de outubro de 2021.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Ordinario: 187/2023

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: acordo do Pleno do Concello de Vigo .de data 29/03/2023 de actualización do apartado 2O do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023

Expte(s): 2979/500, 3006/500 (EXPTE. PLENO 3771/1101) e 336/441

Contía: Indeterminada.

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso contencioso-administrativo contra acordo plenario do 29 de marzo do 2023, polo que se procede a actualizar o apartado 2º do acordo plenario do 27 de xaneiro de 1998 sobre a participación do Concello de O Porriño nos custos de operación e mantemento das infraestruturas de captación de auga do Encoro de Eiras e Canle ata o punto de entrega, a partir do 1 de xaneiro do 2023, con imposición de custas ao Concello de O Porriño.

Con fundamento neste acordo, son emitidas e aprobadas as liquidacións bimensuais esixidas polo Concello de Vigo ao Concello demandante a partir do 1 de xaneiro do 2023.

A sentenza inadmite o recurso por motivos formais (falta de achega de acordo plenario para entaboar a acción xudicial) e analiza as incoherencias nas datas e contido da documenta-

ción achegada pola administración demandante no presente recurso contencioso-administrativo, con imposición de custas.

A sentenza recaída non é firme, pois contra ela cabe recurso de apelación.

A Area de Fomento, a Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e a Recadación Municipal, deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 16994/111

Decreto nº 20 do 14 de outubro de 2024.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Ordinario: 57/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acordo da XGL do 29/12/2023 relativo á revisión de tarifas do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros para o exercicio 2024.

Expte(s): 4412/449

O Decreto acorda ter por desistido do recurso contencioso ao recorrente VIGUESA DE TRANSPORTES e declarar o remate do procedemento.

Debe coñecer o resolto o servizo de transportes.

9.- Contencioso. Expediente nº 17540/111

Sentenza nº 203 do 11 de outubro de 2024.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviado: 187/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación económico-administrativa interposta o 14/04/2023 contra resolución do 13/03/2023 ditada no expediente, desestimatoria de recurso de reposición contra dilixencia de embargo ES-52163 (ditada para o cobro de débeda derivada de procedemento de apremio, con orixe en multa recaída no expediente de tráfico

Expte(s): 320505/280 e 337468/700

Contía: 1.588,24 €.

A sentenza estima parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto contra a desestimación por silencio e posterior resolución expresa denegatoria da reclamación económica administrativa contra a dilixencia de embargo de 1588,24 euros anulando este embargo pero declarando conformes a dereito todas as actuacións anteriores.

No FD 2º refírese a corrección das notificacións, e logo de recordar a doutrina do TC sobre o carácter residual, subsidiario, supletorio, excepcional e de último remedio da notificación mediante edictos, conclúe que non se pode entender que a Administración empregase todos os medios de averiguación necesarios e razoables antes da comunicación edictal, polo que anula o embargo por falta da correcta notificación da providencia de apremio, confirmando a corrección das anteriores.

A sentenza contra a que non procede interpoñer recurso de apelación non contén condena en custas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

O auto 22.10.2024 completa a sentenza engadindo que condena a Administración demandada a devolver as cantidades embargadas en virtude de dita dilixencia de embargo.

Debe coñecer o resolto o Tribunal Económico Administrativo e Tesourería- Recadación Executiva.

10.- Contencioso. Expediente nº 15581/111

Sentenza nº 326 do 30 de setembro de 2024.

Obxecto: Emprazamento ao Concello de Vigo como interesado, contra a axencia Galega de Infraestructuras da Consellería de infraestructuras e mobilidade da Xunta de Galicia, sobre a aprobación.

Contía: Indeterminada.

Esta sentenza resolve o recurso da demandante, con imposición de custas, interposto contra a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba o trámite de información pública e con carácter definitivo o proxecto da humanización da estrada PO-323, primeira fase, no termo municipal de Vigo. Non é firme pero só e posible interpoñer un recurso de casación.

Este asunto garda relación con outros interpostos pola mesma persoa, sempre con respecto á súa condición de propietaria dun baixo situado no número 76 da Avenida de Galicia en Vigo, para o que pretende o outorgamento dun paso expedito para vehículos (vado). E a razón concreta deste recurso é que o devandito proxecto non contemplaba o vado.

A resolución desbota a concorrencia de motivos de nulidade e de anulabilidade, e entende que a interesada tivo oportunidade de coñecer e alegar ao proxecto. Pero cuestión distinta é que a ausencia de constancia do vado nos planos comporte a nulidade ou anulabilidade do proxecto, que require a tramitación dun procedemento por parte do Concello e non da administración autonómica demandada.

A área de Fomento e o servizo de Seguridade deben coñecer do resolto.

11.- Contencioso

Ordinarios

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Inactividade ao non adoitar as medidas necesarias para mitigar, ata un nivel aceptable e normativamente autorizado, o ruído provocado durante as festas do Nadal polas atraccións e o mercado do nadal ou subsidiariamente ordear a suspensión das actividades que alteraban a vida dos veciños afectados.

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Ordinario	Órgano xudicial	Núm. Decreto	Data	Expedientes administrativos
15941/111	167/2023	XC-A nº 2 Vigo	22	18/10/2024	208672/323

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Ordinario	Órgano xudicial	Núm. Decreto	Data	Expedientes administrativos
15927/111	164/2023	XC-A nº 2 Vigo	28	29/10/2024	9563/106
15939/111	166/2023	XC-A nº 2 Vigo	29	29/10/2024	9566/106

Estas resolucións acordan ter por desistida á parte demandante da súa demanda e pretensións contra o Concello de Vigo, conforme ao principio de disposición da acción, e unha vez firme, archivar as actuacións.

Celebrados e resoltos en sentido desestimatorio os preitos-testemuña relacionado cos presentes, as opcións procesuais eran as de desistencia, extensión de efectos no caso de que fosen estimatorios, ou ben a continuación dos procedementos, optando as partes actoras pola primeira das opcións.

Estes recursos dirixíronse contra a inactividade municipal por non adoptar medidas correctoras para evitar o ruído e as molestias causadas polo mercadillo, atraccións e postos da Campaña de Nadal na zona centro do Concello.

O servizo de Comercio e o de Medioambiente deben coñecer do resolto.

12.- Contencioso

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación de reclamacións de recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, incapacidade temporal, asuntos propios e demais permisos retribuídos

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Órgano xudicial	Núm. Sentenza	Data	Expedientes administrativos
16527/111	311/2023	XC-A nº 1 Vigo	195	27/09/2024	43221/220
16435/111	312/2023	XC-A nº 1 Vigo	196	30/09/2024	43153/220, 42934/220
15851/111	135/2023	XC-A nº 2 Vigo	181	28/10/2024	35363/220, 40935/220

As sentenzas estiman parcialmente os recursos, declarando o dereito dos demandantes (funcionarios do Concello de Vigo, Policía Locais) a:

- percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, situacións de IT, días de libre disposición e demais permisos retribuídos
- abono das cantidades deixadas de percibir polos excesos de xornada consonte á fórmula que solicita (tomando como base de cálculo os días efectivamente traballados do mes en lugar de 30 días).

Condenan á Administración local ao abono das cantidades deixadas de percibir por estes conceptos unicamente nos últimos 4 anos previos a reclamación, en lugar dos cinco reclamados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

As sentenzas non efectúan expresa imposición de custas procesuais.

Entende esta Asesoría Xurídica que non procede recorrer estas sentenzas posto que:

1. respecto do período reclamado, xa recollen o período de 4 anos segundo o criterio establecido polo TS nas recentes sentenzas ditadas en casación en recursos conexas, como a de 4 de xullo de 2024 (R. Casación 9062/2022) ou de 25 de setembro de 2024 (R. Casación 3136/2023).
2. as cuestións relativas á nocturnidade e festividade foron xa obxecto de análise con motivo da aprobación definitiva da RPT pola XGL sesión 16.03.2023 (BOP 16 maio de 2023).
3. o cálculo das horas extras, foi obxecto de actualización no acordo do Pleno de 30.09.2024.

Debe coñecer o resolto o Departamento de RRHH e Formación.

13.- Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviados

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación da reclamación das retribucións complementarias do posto de traballo desenvolvido en período de prácticas como Policía Local

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Núm. Procedemento Abreviado	Núm. Sentenza	Data	Expediente administrativo
17551/111	206/2024	211	28/10/2024	43922/220
17552/111	204/2024	208	28/10/2024	43938/220
17591/111	212/2024	214	28/10/2024	43996/220
17561/111	210/2024	213	28/10/2024	43907/220
17550/111	207/2024	212	28/10/2024	43952/220
17558/111	205/2024	209	28/10/2024	43911/220
17640/111	211/2024	210	28/10/2024	43923/220

Sentenzas (non firmes) polas que se estiman os RCA interpostos polos recorrentes contra a resolución municipal denegatoria do pago dos complementos específico e de destino correspondentes ao período de prácticas como funcionario/a en prácticas da Policía Local entre o 24 de xuño de 2023 ao 24 de setembro de 2023, e ao período posesorio que se estende do 13 de decembro de 2023 ata o 17 de xaneiro de 2024, por un total de 7.046,59 euros.

Alegan os/as recorrentes que no seu período de prácticas realizaron as mesmas funcións que as correspondentes ao posto de traballo dun/ha funcionario/a de carreira da Policía Local do grupo.

Fronte a isto o Concello de Vigo opúxose á demanda incidindo en que durante o referido período de prácticas cada recorrente tivo que ser asistido e supervisado en todo momento por unha patrulla de dous compañeiros veteranos (funcionarios de carreira); que o demandante non podía levar a arma regulamentaria; así como que o uniforme tampouco era exactamente igual que o dos funcionarios de carreira; e que o recorrente percibiu neste tempo a remuneración correcta como funcionario en prácticas (soldo base e pagas extraordinarias) conforme ao RD 456/1986, modificado por RD 213/2003.

A xulgadora toma como punto de partida a situación experimentada coas anteriores promocións de policía locais en prácticas no Concello de Vigo, e entende que sí desenvolveron as mesmas funcións que os funcionarios de carreira. Fundamenta tamén o fallo en que da declaración do Xefe da Policía Local se desprende que non é suficiente para considerar que esta promoción se atopa nunha situación distinta ás promocións anteriores, xa que nas anteriores tampouco portaban arma e desenvolvían tamén actuacións de patrulla, na súa maioría, de xeito supervisado. Conclúe que neste tempo de prácticas "desarrollaban verdaderas funciones de trabajo" e que "la situación de estos agentes debe considerarse asimilable a los de las promociones anteriores, respecto de los cuales, el Concello de Vigo se encuentra en trámites de reconocerles las remuneraciones reclamadas en este procedimiento".

O Concello de Vigo cuestionou tamén a cantidade reclamada á vista do informe emitido polo servizo de RRHH, polo que a condena non determina unha cantidade concreta, senón que condena ao Concello de Vigo "a abonar al demandante la cantidad correspondiente a dichos complementos por los periodos indicados, más los intereses legales desde la fecha en que debió realizarse el pago".

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de apelación. Con expresa imposición de costas co límite de 150 + IVA.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH, á xefatura da Policía Local e do servizo de Seguridade, así como a Concelleira competente.

14.- Contencioso

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª Casación.

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (SPEIS)

Contía: Indeterminada

		TRIBUNAL SUPREMO		ORIXE: XC-A Nº 2 DE VIGO		
Ref. Ase- soría Xu- rídica	Núm. Re- curso Ca- sación	Data Provi- dencia	Núm. Proce- demento Ordinario	1ª sentenza	2ª sentenza	
13024/111	4011/2023	25/09/2024	233/2020	191 de 30/08/2021	(sen nº) de 13/04/2023	
12962/111	4446/2023	02/10/2024	194/2020	173 de 30/08/2021	261 de 20/10/2022	
12980/111	4911/2023	02/10/2024	210/2020	192 de 30/08/2021	3 de 10/01/2023	



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

	TRIBUNAL SUPREMO		ORIXE: XC-A Nº 2 DE VIGO		
12966/111	4947/2023	02/10/2024	191/2020	175 de 30/08/2021	300 de 09/12/2022
12967/111	7484/2023	02/10/2024	192/2020	180 de 30/08/2021	313 de 15/12/2022
12984/111	4546/2023	09/10/2024	217/2020	188 de 30/08/2021	319 de 15/12/2022
13372/111	4555/2023	09/10/2024	7/2021	195 de 30/08/2021	293 de 01/12/2022
13006/111	4677/2023	09/10/2024	218/2020	184 de 30/08/2021	326 de 22/12/2022
13290/111	4946/2023	09/10/2024	330/2020	176 de 30/08/2021	311 de 09/12/2022
13033/111	4403/2023	16/10/2024	241/2020	187 de 30/08/2021	299 de 09/12/2022
13294/111	4655/2023	16/10/2024	329/2020	207 de 29/09/2021	320 de 19/12/2022
12954/111	5680/2023	16/10/2024	188/2020	183 de 30/08/2021	285 de 28/11/2022
12953/111	8514/2023	16/10/2024	185/2020	181 de 30/08/2021	327 de 22/12/2022
13100/111	4945/2023	23/10/2024	257/2020	193 de 30/08/2021	154 de de 06/06/2023

As resolucións que se están a comunicar, Providencias de inadmisión, non acollen os argumentos dos recursos de casación promovidos pola representación do Concello contra as sentenzas ditadas na instancia polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo.

Adquiren firmeza tanto a primeira como a segunda sentenza de instancia do Xulgado e son xa susceptibles de execución definitiva.

Todos os asuntos teñen como parte demandante a funcionarios do SPEIS do Concello de Vigo.

A cuestión sometida á consideración da Sala para establecer doutrina era que o tempo de traballo prestado de modo efectivo polos funcionarios do Corpo de bombeiros, que non excedese da súa xornada legal, só poderían considerarse como gratificacións por servizos extraordinarios, e non percibirse como «gratificacións por exceso de horario» sen que se acreditase a efectiva superación da xornada. Único extremo que foi o recoñecido na instancia para os períodos concretos reclamados de cada actor.

Entende o resolto que existe unha insuficiencia de horario do demandante para prestar os seus servizos para responder á xornada de traballo establecida, o que obriga á administración a que continúe abonando gratificacións por exceso de xornada, que deberon extinguirse no momento no que se integrou no complemento específico tal exceso, pero que se continuaron abonando de modo irregular -así o cualifica literalmente-.

A Sala conclúe que tales abonos non son nin gratificacións, nin horas extraordinarias, senón que o que retribúen é un exceso de horario dentro da xornada anual.

Atendendo ás apreciacións desta resolución, xa recollidas na sentenza de instancia, debe solucionarse a irregular percepción destas gratificacións, mediante as adaptacións de tipo organizativo que procedan.

A área de RRHH e Formación, a área de Seguridade e o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento deben coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 16930/111

Sentenza nº 388 do 23 de maio de 2024.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña.

Recurso de apelación: 133/2024

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo.

Obxecto: desestimación por silencio administrativo da reclamación de recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, IT, asuntos propios e demais permisos retribuídos.

Expte(s): 43214/220

Contía: Indeterminada.

Sentenza non firme do TSXG, pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza do xulgado contencioso administrativo núm. 2 de Vigo. A sentenza do TSXG confirma a de instancia que establecía: (1) o recoñecemento do dereito do actor (funcionario do Corpo da Policía Local) a percibir os pluses de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, situacións de incapacidade temporal, días de libre disposición e demais permisos retribuídos; (2) a fórmula de cálculo das horas extraordinarias debe utilizar como base de cálculo os días efectivamente traballados cada mes e non trinta; (3) o prazo de prescrición do período que comprenden as cantidades reclamadas é de 5 anos, e non de 4 , ao abeiro do Decreto Lexislativo 1/1999. Impón ao apelante a cantidade de 1.000 euros en concepto de custas. Contra esta sentenza cabe recurso de casación.

Debe coñecer esta resolución o servizo municipal e concellería de RRHH.

Procedemento de orixe:

RCA nº 329-2023 PA XC-A nº 2 de Vigo, sentenza nº 34 de 15/02/2024, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 08/03/2024.

16.- Contencioso. Expediente nº 16960/111

Sentenza nº 538 do 10 de xullo de 2024.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña.

Recurso de apelación: 124/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Execución Provisional de sentenza (Gratificacións por exceso de xornada-SPEIS).

Sentenza firme do TSXG pola que se desestima o recurso de apelación interposto polo traballador municipal do SPEIS contra o auto de data 30 de xaneiro de 2024 do XCA núm. 2 de Vigo, en procedemento de execución provisional 49/2023 (gratificacións por exceso de xornada SPEIS), por canto non procede acceder ao solicitado de que para determinar o valor da hora ordinaria de traballo non deba acudirse á fórmula da DT6ª, regra 3, do Acordo Regulador do Concello de Vigo, por tratarse dunha disposición que non está vixente, e que o valor hora ordinaria de traballo deba determinarse dividindo o salario bruto anual do demandante polas 1642 horas que comprende a súa xornada anual. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo xestor e ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Procedemento de orixe:
Ex. Provisional 49/2023 (PO 325/2020).

17.- Contencioso. Expediente nº 14811/111
Sentenza nº 1499 do 25 de setembro de 2024
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A CORUÑA.
Recurso de apelación: 431/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Reclamación de complementos de festividade e nocturnidade en IT, vacacións, permisos e cálculo de horas extras seguindo os días efectivamente traballados.
Expte(s): 35363/220 e 38149/220
Contía: Indeterminada.

Esta sentenza resolve e estima o recurso de casación promovido polo Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG, sen imposición de custas. A sentenza é firme.

A resolución estima tamén o recurso de apelación interposto polo codemandado, atendendo ás dúas cuestións de interese casacional sobre as que se pronuncia. Un deles é con respecto ao prazo de prescrición dos créditos fronte ás administracións públicas locais, entendendo que tal prazo é de catro anos, e non de cinco como resolvera o TSXG.

A segunda das cuestións é a relativa ao dereito á percepción de retribucións pola prestación de servizos nocturnos ou festivos. Se se prestan fóra da xornada ordinaria de traballo por quendas non se integran na nómina como un concepto estable, e se retribuirán como plus ou gratificación, de modo que só se retribúen se se prestan, o que non alcanza ás vacacións, permisos, licencias ou situacións de incapacidade temporal.

Se o que acontece é que se dentro do réxime a quendas o servizo o ten que prestar en horario nocturno ou festivo, e forman parte esas horas nocturnas e festivas da súa xornada ordinaria, procede o abono, e isto é o que se unifica, casa e establece como doutrina. Pero sen recoñecer a estes conceptos unha identidade de seu como "complementos", como fixera o TSXG e se cuestionaba.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:
RCA nº 37/2022 PA XC-A nº 2 de Vigo, sentenza nº 109 de 19/05/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 09/06/2022.

18.- Contencioso. Expediente nº 15344/111
Sentenza nº 176 do 10 de outubro de 2024
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.
Abreviado: 358/2022
Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: decreto da Concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 21/10/2022, ditado no expediente nº 40965/220 - Toma de posesión e declaración de excedencia.

Expte(s): 40965/220

Sentenza estimatoria da pretensión do demandante, consistente no recoñecemento automático polo Concello de Vigo da excedencia solicitada por incompatibilidade co seu posto de traballo como Policía Local do Concello de Santiago de Compostela, ao resultar seleccionado como Policía Local do Concello de Vigo a través dun procedemento de provisión de postos de traballo-mobilidade horizontal.

A sentenza foi ditada ao abeiro do xa resolto sobre esta cuestión polo TSXG de 14/11/2023 "en un supuesto practicamente igual al de autos , que decía con base en ese conocimiento, el Concello de Vigo tendría que haberle declarado en situación de excedencia por prestación de servicios en el sector público; era la Administración competente para ello (no el Concello de Nigrán), dado que la plaza sacada a concurso en la Oferta de Empleo Público era suya, así como en su ámbito competencial se desempeña el puesto de trabajo anudado a dicha plaza. Asi pues, ante la constancia de la opción manifestada por el demandante solo cabría, obligadamente, por el Ayuntamiento demandado acceder a dicha pretensión dado que estaba vinculado legalmente por lo dispuesto en el artículo 10 ya citado. Ni siquiera era precisa la toma de posesión, lo cual no entraña renuncia."

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de apelación. Sen imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de RRHH e de Seguridade para o seu coñecemento.

19.- Contencioso. Expediente nº 17443/111

Decreto nº 21 do 17 de outubro de 2024.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Ordinario: 180/2024

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares.

Obxecto: resolución do 23/05/2024 que dá lugar á publicación no BOPPO nº 79 da rectificación da OEP para o ano 2023 (expediente 41400/220) que modifica a resolución publicada no BOPPO o 08/01/2024.

Expte(s): 41400/220

Esta resolución acorda a desistencia e arquivo do procedemento, ao solicitalo a parte demandante, e conforme ao principio de disposición da acción, e non afectar ao interese público, procede telo por desistido.

O obxecto do recurso contra o que accionaba este sindicato é a OPE do 2023.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 17048/111

Sentenza nº 705 do 23 de outubro de 2024.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña.

Recurso de apelación: 350/2023



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 18/09/2023 desestimatoria do recurso de reposición interposto contra o acto de aprobación da RPT 2023 no relativo a asignación do CE no posto de traballo que ocupa como diplomada en Traballo Social.

Expte(s): 40934/220

Contía: Indeterminada.

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só é posible interpoñer recurso de casación, desestima o recurso de apelación interposto pola demandante contra a sentenza de instancia, igualmente desestimatoria.

A recorrente, con posto de Diplomada en Traballo social no Concello de Vigo, pretendía a equiparación de complemento específico que o posto de traballadora social que figura actualmente adscrito ao servizo CEDRO, dependente da mesma área de Benestar Social que o servizo de Benestar Social ao que se atopa adscrita a recorrente.

A sentenza da Sala confirma a ditada na instancia, valorando determinados aspectos xa recollidos na mesma. Tales como o feito de que dende a valoración dese posto co que se compara do CEDRO no ano 2018 (RPT 2018) non se solicitara nin reclamara por parte da recorrente, e tampouco con ocasión do trámite de alegacións da vixente RPT.

Cita a numerosa xurisprudencia que esixe a acreditación da identidade análoga e íntegra de funcións, e non entende probado que concorran no posto da recorrente as condicións de penosidade e perigosidade que provocaron o incremento do complemento específico do posto do CEDRO, sendo o momento no que levar a cabo ese exame comparativo o do procedemento de análise e valoración de postos que no Concello se está a levar a cabo.

A área de RRHH e formación e a de Benestar Social deben de coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RCA nº 350/2023 PA XC-A nº 2 de Vigo, sentenza nº 40 de 20/02/2024, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 08/03/2024.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15868/111

Sentenza nº 430 do 26 de setembro de 2024

Xulgado do Social nº 5 de Vigo.

Ordinario: 292/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: en materia de indemnización de danos e prexuízos derivados de enfermidade profesional (responsabilidade civil - falta medidas de seguridade).

A sentenza (non firme) desestima o recurso de reclamación de cantidade por danos e prexuízos que lle ocasionou o desempeño da profesión de condutor de autobús urbano de línea por unha serie de incumprimentos ou carencias na política preventiva e que se materializou en trastornos musculoesqueléticos. Considérase que a relación causal entre as doenzas e o traballo que como condutor de autobuses exercía o demandante quedou dispada no preito

sobre determinación de continxencia e tampouco se aprecia culpa empresarial por déficit de medidas de seguridade ou de protección da saúde.

Debe coñecer o resolto o departamento de RRHH.

2.- Social. Expediente nº 16801/111

Sentenza nº 370 do 2 de outubro de 2024

Xulgado do Social nº 4 de Vigo.

Ordinario: 8/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades en concepto de nocturnidade e festividade correspondentes aos días de vacacións desfrutados no período de outubro 2022 e febreiro 2023.

Esta sentenza, que é firme por contía, estima a demanda do actor e condena ao Concello ao abono de 1.399,06. máis os xuros do art. 29.3 ET.

Ten como precedente outros procedementos do mesmo demandante, polo que se trasladan como feitos declarados probados a categoría, antigüidade e réxime de quendas do actor. Rexistrou sen resposta, un escrito de solicitude polo que insta ao abono da "festividade" e "nocturnidade" non percibida durante os períodos de vacacións e permisos retribuídos.

A sentenza recolle o mesmo razoamento e criterio que outras resolucións condenatorias, sendo pacífico que existe dereito, por parte da persoa traballadora, á percepción da súa retribución -incluída nocturnidade e festividade- durante as vacacións ou permisos, se é que forman parte das que periodicamente se perciben, como considera probada esta sentenza con relación a este traballador.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

3.- Social. Expediente nº 16136/111

Sentenza nº 322 do 3 de outubro de 2024

Xulgado do Social nº 7 de Vigo.

Seguridade social: 559/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: determinación de continxencia causante de IT como enfermidade profesional.

A sentenza que se está a comunicar desestima a demanda interposta polo actor en materia de continxencia de seguridade social. Trátase dun demandante que estivo contratado temporal e parcialmente con cargo a un plan de emprego.

Se discutía a determinación da continxencia durante o período de incapacidade temporal do demandante, xa que pretendía o actor a súa cualificación como enfermidade profesional, constando en todo o expediente e nos informes médicos a consideración da causa como enfermidade común.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

4.- Social. Expediente nº 16730/111

Sentenza nº 412 do 17 de outubro de 2024



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 950/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Solicitude do recoñecemento do dereito a disfrutar 9 días por permiso asuntos propios correspondentes ao 2023.

Expte(s): 37224/220, 42509/220, 42715/220, 42086/220.

Sentenza (firme) do xulgado do social núm. 6, pola que se recoñece a pretensión do demandante consistente no recoñecemento polo Concello, como persoal laboral, do desfrute de 9 días de asuntos propios tal e como se recolle no convenio regulador municipal.

O xulgador resolve indicando que para o persoal laboral municipal é de aplicación preferente o convenio fronte a norma con rango de lei alegada polo Concello de Vigo, na que se establecen 6 días de asuntos propios relativos a unha xornada de traballo de 1642 horas.

Fronte a esta resolución non cabe interpoñer recurso de súplica pola súa contía. Sen custas.

Darase traslado desta resolución ao Dpto de RRHH para o seu coñecemento e efectos.

5.- Social. Expediente nº 16832/111

Decreto nº 428 do 23 de outubro de 2024

Xulgado do Social nº 5 de Vigo.

Ordinario: 15/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Recoñecemento de dereito e contías dos días de asuntos propios que tiña dereito a disfrutar durante o ano 2022 e fóronlle denegados por razóns de servizo.

Expte(s): 42657/220

Decreto polo que se ten por desistido ao actor, persoal laboral municipal, da súa demanda, consistente na reclamación de desfrute ou compensación económica dos días de asuntos propios non desfrutados no ano 2022 (nin tampouco solicitados).

Á vista dos informes emitidos polo servizo de RRHH no que consta que non foron solicitados polo traballadora/demandante, dentro do prazo de desfrute, os días reclamados, nin constaba informe da xefatura do Parque Central Municipal da imposibilidade de desfrute dos mesmos, o actor desistiu antes da celebración da vista.

Darase traslado deste Decreto ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(998).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL, RECAÍDA NO RECURSO Nº 172/2024, INTERPOSTO CONTRA A ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DA CASA CONSISTORIAL E OUTROS EDIFICIOS E INSTALACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 8173/252.

Sométese a aprobación a proposta de data 10/12/2024, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

1º Tomar razón da Resolución nº 182/2024 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 172/2024, interposto interposto por SAMYL FACILITY SERVICES SL contra a adxudicación da contratación dos servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, expediente 8173-252. Na mesma o TACGAL inadmite e desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir e desestimar o recurso interposto por SAMYL FACILITY SERVICES SL contra a adxudicación da contratación dos servizos de limpeza das dependencias da Casa Consistorial e outros edificios e instalacións municipais do Concello de Vigo, expediente 8173-252 dese Concello.

2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(999).- RESOLUCIÓN DO RECURSOS DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O DENEGACIÓN DE SOLICITUDE DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO CURSO 2023-2024:

A) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR T.AGUILERA RIVERA. EXPTE. 98008/332.

Visto o informe de fiscalización de data 03/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

"PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación

orxamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orxamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orxamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);

- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicitudes. (...)”

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

2.- Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

3.- En data 15/12/2023, Dna. T. Aguilera Rivera, con DNI ***9645**, presenta solicitude por ela mesma (por erro) e polos seus dous fillos, xunto co seu Documento Nacional de Identidade (expediente 72360/332), pero non achega o resto de documentación obrigatoria no procedemento.

4.- Tras o período de verificación das solicitudes, o 22/03/2024, a Xunta de Goberno Local acorda:

“PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as ‘axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio’ coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orxamentaria 3260.480.0000 ‘PI extr. Axudas familias con fillos escolarizados’.

SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.”

5.- En data 08/04/2024, Dña T. Aguilera Rivera presenta a documentación necesaria para a comprobación dos requisitos esixidos na solicitude o que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2024.

6.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

“TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta que presentou a documentación a ela requirida para subsanación.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos obrigatorios para ser beneficiario destas axudas mentres na base oitava determínase cales son os documentos necesarios a presentar polos solicitantes para a comprobación do cumprimento dos ditos requisitos.

Compróbase que o solicitante presentou a súa solicitude en tempo e forma, cumprindo cos requisitos recollidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV .- Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por Dna. T. Aguilera Rivera, NIF ***9645** contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de marzo de 2024, por canto non se tivo en conta a documentación presentada pola interesada, sendo procedente a concesión da axuda ao cumprir a solicitude cos requisitos esixidos e terse presentado en forma e prazo.

Segundo.- Conceder a Dna. T. Aguilera Rivera, NIF ***9645**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 410,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados).

Terceiro.- Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

B) RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR M GONZÁLEZ IGLESIAS. EXPTE. 98091/332.

Visto o informe de fiscalización de data 03/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 17/11/2023 a Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org);

- A Convocatoria na Base de Datos nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín oficial da Provincia determinará o prazo para a presentación de solicitudes. (...)"

As referidas bases publícanse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023.

2.- A base quinta das aprobadas pola Xunta de Goberno Local recolle os requisitos que deben cumprir as solicitudes para estas axudas, entre as que se inclúe a seguinte:

"b) Que o/a solicitante conviva cos/coas alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo)."

3.- Pola súa banda, o Extracto publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 227, de 24 de novembro de 2023. De conformidade coa base décima, o prazo de presentación de solicitudes para esta convocatoria de dous meses ten lugar entre os días 25/11/2023 e 24/01/2024.

4.- En datas 02/01/2024 e 08/01/2024, Dna. M. González Iglesias, con DNI ***8610**, presenta solicitude polo seu fillo matriculado en Educación Secundaria Obrigatoria, xunto coa documentación preceptiva do procedemento: volante de empadramento familiar, libro de familia, certificación de conta bancaria a nome da solicitante e certificado de matrícula do menor do menor nun centro privado concertado (expediente 75241/332).

No volante de empadramento achegado obsérvase que o menor polo que se solicita a axuda convive co seu avó materno, mentres a solicitante figura empadroadada noutra dirección conforme á consulta ao Padrón Municipal de Habitantes.

5.- Unha vez concluído o proceso de verificación de todas as axudas rexistradas, a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adopta entre outros os seguintes acordos:

"PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00

euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'PI extr. Axudas familias con fillos escolarizados'.

SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). (...)"

No Anexo 3, publicado entre o 22/03 e o 09/04/2024, figura que na solicitude de Dna. M. González Iglesias non hai ningún alumno que cumpra os requisitos da convocatoria, toda vez que non figura acreditado o requisito do empadramento da solicitante co menor polo que solicita a axuda.

6.- Unha vez concluída a verificación das solicitudes emendadas, a Xunta de Goberno Local o 20/05/2024 acorda, entre outros,

"SEGUNDO.- Conceder aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as 'axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio' coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 111.315,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 'Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados'.

TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5)."

No Anexo 5, publicado o 20/05/2024, figura que a solicitude de Dna. M. González Iglesias non quedou emendada, por non quedar acreditado o requisito de convivencia entre solicitante e menor.

8.- En data 18/06/2024, Dna. M. González Iglesias presenta unha queixa (expte. 239192/323), na que pide a revisión da súa solicitude, escrito que pode ser considerado como recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno Local sobre denegación de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio. A solicitante achega declaración responsable asinada por ela e polo pai do menor polo que se solicita a axuda, na que ambos os dous manifestan que a solicitante ten a garda e custodia do menor, que ela si convive co menor e que o seu pai non é nin solicitante nin beneficiario das axudas; este último extremo compróbase de oficio polo Servizo de Educación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, quen manifesta cumprir os requisitos para ser beneficiaria destas axudas.

O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte da recorrente non é obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter (artigo 115.2 da LPAC)

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base quinta os requisitos que deben cumprir as solicitudes, entre as que se atopa a seguinte:

“b) Que o/a solicitante conviva cos/cás alumnos/as para os/as que se solicite a axuda. A convivencia habitual acreditarase mediante informe dos datos do padrón de habitantes (Para os solicitantes empadroados en Vigo a comprobación realizarase polo Concello de Vigo).”

A base oitava recolle entre a documentación a presentar xunto coa solicitude:

“f) De ser o caso, outro documento xustificativo da convivencia co menor.”

Coa documentación achegada ao expediente, compróbase que a solicitante cumpre os requisitos esixidos nas bases.

En base ao exposto o recurso ten que ser estimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, previo informe da Intervención Xeral de Fondos, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Estimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona M. González Iglesias contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de maio de 2024, polo que se denegan as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida, en relación á concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por considerarse acreditado o cumprimento do requisito de convivencia da solicitante co menor polo que se solicita a axuda.

Segundo.- Conceder a D. M. González Iglesias NIF ***8610**, a axuda municipal a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio por ela solicitada, por importe de 205,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 (Plan extr. Axudas familias fillos escolarizados”.

Terceiro.- Notificar á interesada o presente acordo, informándolle que contra o mesmo cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que a ditou no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses; en ambos os dous casos, os prazos contarán desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1000).- RECTIFICACIÓN DE ERRO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS, E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIIS PERÍODO 2022-2023. EXPTE. 9892/335.

Visto o informe de fiscalización do 05/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 29/10/2024, asinado pola secretaria de Administración Municipal e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas.

4. A Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16.02.2024 acordou conceder á Asociación Cultural San Miguel Arcanxo Festas (G27745918) unha subvención por importe de 12.000,00 €; acordo notificado á entidade.

5. O 07.08.2024 o enxeñeiro municipal emite informe proposta co seguinte literal:

“PRIMEIRO.- DEIXAR SEN EFECTO a concesión dunha subvención por importe de 12.000,00 € a Asoc. Cult. San Miguel Arcanxo Festas, pola celebración das “Festas

Segundo a Comisión Avaliadora, a entidade subvencionada non cumpriu a cláusula décimo primeira 1.2.B) das bases – polo que concedeuse erroneamente unha subvención de 12.000,00 € - pero sí a cláusula décimo primeira 1.2.C) – polo que procedería a concesión dunha subvención de 4.000,00 € -.

O artigo 109. 1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que *“Las Administraciones Públicas podrán revocar, mientras no haya transcurrido el plazo de prescripción, sus actos de gravamen o desfavorables, siempre que tal revocación no constituya dispensa o exención no permitida por las leyes, ni sea contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico”*.

Para que no presente suposto proceda a revogación deberíamos estar ante un acto de gravamen ou desfavorable, que non é o caso, polo que parece que estamos ante un erro material, regulado no apartado 2 do mesmo artigo do corpo legal referido *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”*.

O concepto de erro de feito ou aritmético foi amplamente ponderado pola xurisprudencia, quedando caracterizado na súa doutrina como aquel que resulte ostensible, manifesto, indiscutible, implicando por se só a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos e exteriorizándose prima facie, pola súa soa contemplación.

Ademais, a rectificación de erros non pode supoñer a declaración de nulidade do acto que se rectifica, polo que non é unha modalidade dá revisión de oficio, quedando limitado o seu uso á corrección daqueles erros que permitan a subsistencia do acto que os contén porque precisamente a súa corrección faga conforme ou formulado co pretendido.

O erro detéctase na documentación presentada pola propia entidade beneficiaria detectando que debeu solicitar a liña 1.2.C) en vez da 1.2.B).

Dado que obsérvase que só trátase dun erro material, sen variación nos restantes trámites do expediente, remítome aos informes xurídicos obrantes no expediente 9712-335 sobre a concesión da subvención.

Respecto ao órgano competente para a rectificación do erro, será ou mesmo que ditou ou acto erróneo; segundo o artigo 127. 1 g) dá Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a XGL é ou órgano competente para ao dispor de gastos en materia dá súa competencia, previo informe de fiscalización pola Intervención Municipal.

Coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material na concesión dunha subvención por importe de 12.000,00 € á Asociación Cultural San Miguel Arcanxo Festas, pola celebración das “Festas Patronais de San Miguel de Oia”, concedida en sesión de 11.05.2024 da Xunta de Goberno Local, en cumprimento do establecido na cláusula décimo primeira 1.2.B) das bases por tratarse dunha festa tradicional e patronal en barrios e parroquias (incluídas no calendario festivo anual) cunha asignación fixa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

A rectificación do erro material fundaméntase en que na documentación presentada a través do rexistro electrónico de 27.02.2024 (W1069914-39) achegan un balance económico por importe de 17.965,00 € polo que non acredita – *para a subvención de 12.000,00 €* - o cumprimento da base segunda (Liña 1. 2 B)), onde se detalla o importe a conceder conforme a antigüidade e o importe do custe real da festa, pero sí cumpriría ca (Liña 1. 2 C) cuido importe máximo ascende a 4.000,00 €.

SEGUNDO.- Rectificar o erro material na autorización do gasto e na disposición de crédito a favor da Asociación Cultural San Miguel Arcanxo Festas, pola celebración das “Festas Patronais de San Miguel de Oia” por importe de 12.000,00 €.

TERCEIRO.- Conceder á Asociación Cultural San Miguel Arcanxo Festas (G27745918) a subvención pola celebración das “Festas Patronais de San Miguel de Oia” en cumprimento do establecido na cláusula décimo primeira 1.2.C) das bases, por ter unha antigüidade de máis de 15 anos e xustificar un custe superior a 10.000,00 €, correspondéndolle unha asignación fixa de 4.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

CUARTO.- Notificar a presente resolución á Asociación Cultural San Miguel Arcanxo Festas.

De conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1001).- RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS CONTRA A APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE VIGO 2024. EXPTE. 43933/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

-ANTECEDENTES

I- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/09/2024, resolvéronse as alegacións presentadas contra o acordo de aprobación inicial e aproubouse definitivamente a Relación de postos de traballo (RPT) de Concello de Vigo 2024, de conformidade co recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio, corrección de erros materiais e axustes recollidos nos antecedentes e fundamentos do citado acordo, incorporados no seu Anexo I.

O citado acordo publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Pontevedra (BOP) de data 19/09/2024 así como no portal de transparencia municipal e notificóuselles individualmente aos interesados que presentaran alegacións ao acordo de aprobación inicial, que foron resoltas no mesmo acto de aprobación definitiva.

A última das notificacións realizadas consta recibida o 28/10/2024, polo que o último prazo para interpoñer recurso de reposición espirou o 27/11/2024.

II- Contra o citado acordo de aprobación definitiva constan presentados os seguintes recursos de reposición:

-documento nº 240325594 presentado en data 19/10/2024 por C. AGUIAR CASTRO (que consta reiterado en novo documento nº 240372429 do mesmo interesado, presentado extemporaneamente en data 25/11/2024, como logo se razoará na fundamentación xurídica).

-documento nº 240325608 presentado en data 19/10/2024 por L. EXPÓSITO OLALLA.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I-PRIMEIRO.- Natureza xurídica da RPT e posibilidade de recurso.

A relación de postos de traballo preséntase como un instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, na procura de garantir un funcionamento óptimo da organización e de tódolos seus servizos, de acordo cos principios de racionalidade, coordinación, eficacia, calidade e economía do gasto que rexen nas administracións públicas.

As distintas visións xurisprudenciais existentes nos últimos anos sobre a súa natureza xurídica, víronse aclaradas coa interpretación operada pola Sentenza do Tribunal Supremo de 5 de febreiro de 2014, Rec. 2986/2012, en canto supuxo que as RPTs deixarán de catalogarse como instrumentos de natureza híbrida (disposición xeral no plano procesal / acto administrativo no plano substantivo), pasando a considerarse unicamente como acto administrativo, e polo tanto, poderá ser recorrible como tal. De igual xeito, a STS de 15 de setembro de 2014, estendeu idénticas consecuencias xurídicas á totalidade das RPTs (non só a da Administración Central) con independencia da administración á que pertenza.

Outro dos motivos doutriniais de controversia, foi o alcance deste dereito de impugnación, discutíndose sobre se este se cinguiría unicamente a aqueles aspectos novidosos que se recollen no último instrumento aprobado, ou tamén abrangue aqueles que son unha a reprodución exacta dunha RPT aprobada con anterioridade, o que podería chegar a entenderse que eran froito dun acto xa firme e consentido, e polo tanto, inatacables.

Neste senso, resulta bastante aclaratoria a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 17 de Setembro de 2014, rec. 176/2012, que recolle o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

“Sin embargo, que la parte actora no impugnara aquella RPT no es demostrativo del consentimiento del criterio de apertura a ambas escalas. Como tiene declarado el Tribunal Supremo en su sentencia de 13/12/2013 (LA LEY 209205/2013), recurso número 1914/2011, rechazando pretensión de inadmisibilidad del recurso, cada RPT es autónoma de la anterior o posteriores aun en los extremos no modificados, porque cuando se aprueba una RPT, aunque sea una modificación parcial, se abre la posibilidad de su impugnación directa, de modo que cuando una RPT reproduce otra anterior, no se puede hablar de acto consentido, siendo posible su impugnación. Y ahora con más razón, desde el nuevo criterio del Tribunal Supremo sobre la naturaleza de acto administrativo que cabe atribuir a las relaciones de puestos de trabajo, plasmado en la reciente sentencia de 5 de febrero de 2014 (LA LEY 20761/2014) (Recurso 2986/2012).”

O mesmo TSXG, na Sentenza do 1 de marzo de 2017, vén a reafirmar esta postura :

«...Pero como señalan los recurrentes la modificación operada reabre el plazo de impugnación respecto también de aquellos aspectos que repitan la regulación precedente, como dijimos en la Sentencia de 17 de septiembre de 2014 (recaída en el Recurso 176/2012) que se remite, a su vez, a la del Tribunal Supremo de 13 de diciembre de 2013, citada por los apelantes(...).

II- SEGUNDO.- Recurso potestativo de reposición

Os recursos interpóñense contra o acto de aprobación definitiva da relación de postos de traballo, acto que pon fin a vía administrativa (artigo 52 da LRBRL en relación co artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas LPACAP).

O recurso potestativo de reposición aparece regulado actualmente nos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Os recorrentes, ostentan a condición de persoal empregado público e polo tanto de interesados (artigo 4 LPACAP).

O prazo para a súa interposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución recorrida é dun mes dende a súa notificación ou publicación, no caso de que o acto sexa expreso.

No presente caso, procede a tramitación dos recursos recollidos nos antecedentes ao terse presentado en forma e no prazo legalmente previsto,.

III-TERCEIRO.- Análise dos distintos recursos presentados

-documento nº 240325594 presentado en data 19/10/2024 por C. AGUIAR CASTRO (que consta reiterado en novo documento nº 240372429 do mesmo interesado, presentado extemporaneamente en data 25/11/2024, como logo se razoará na fundamentación xurídica).

-documento nº 240325608 presentado en data 19/10/2024 por L. EXPÓSITO OLALLA.

Dado que os dous recursos presentados teñen contido substancialmente idéntico tanto de antecedentes como de fundamentos (simplemente adaptados ás condicións particulares de cada un dos recorrentes) farase unha mesma contestación a efectos de evitar reiteracións innecesarias.

Os dous recursos toman como punto de partida que ámbolos dous recorrentes promocionaron dende prazas do grupo E (dende praza de vixiante no caso de Aguiar Castro e dende subalterno/a no caso de Expósito Olalla) ás prazas de superior categoría de Auxiliar de Biblioteca, subgrupo C2 que foran convocadas conforme ás OEPs 2017-2018-2019, nas que tomaron posesión o 12/04/2024, alegando como motivo principal o complemento específico dos postos asociados ás novas prazas é inferior e está desactualizado a pesar de que as prazas actuais son de superior categoría e teñen máis responsabilidades.

Solicitan, en síntese:

-que se declare a nulidade do acordo recorrido.

-que se proceda con carácter urxente á valoración singularizada dos postos de traballo de auxiliares de biblioteca e que se inclúa na RPT de 2024 o complemento específico adecuado ao que se derive de dita valoración.

-que os efectos económicos inherentes deben producirse dende a data de toma de posesión, 12/04/2024.

-que se teñan en conta a efectos do cálculo de antigüidade e de cosolidación do grao persoal o tempo traballado realizando "de facto" esas funcións con anterioridade (no caso de Aguiar Castro 24/06/2004 e Expósito Olalla dende o 06/08/2007).

Fronte a estas alegacións cómpre facer as seguintes consideracións:

Actualmente os complementos correspondentes ao posto auxiliar biblioteca, segundo o Anexo I do acordo recorrido, son complemento destino 16 e complemento específico código 166, complementos que non foron establecidos "ex novo" polo acordo agora recorrido senón que se recollen os mesmos que xa estaban establecidos nas rpt's aprobadas con anterioridade (a título de exemplo, acordo de aprobación definitiva rpt 2023, BOP Pontevedra 16/05/2023 e acordo de aprobación definitiva rpt 2022, BOP Pontevedra 30/09/2022).

En primeiro lugar volvemos a reiterar a fundamentación xa recollida na contestación das alegacións que motivaron o acto administrativo agora recorrido, basándose no regulado no artigo 4.2 do RD 861/1986 do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios de Administración Local, segundo o cal, calquera establecemento ou modificación do complemento específico exixirá con carácter previo que pola Corporación se efectúe unha valoración do posto de traballo atendendo ás características expresadas no apartado 1 do mesmo artigo.

De igual xeito se pronunciaron os xulgados do Contencioso-administrativo de Vigo con respecto a este mesmo tipo de reclamacións, citando a título de exemplo a sentenza 55/2024, do 7 de marzo, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2, de Vigo e as sentenzas 24/2024, 28/2024 ou 39/2024, de 20 de febreiro, do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 ou a Sentenza Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 363/2024 de 15/05/2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Tal e como se recolleu igualmente no acto agora recorrido, estes traballos, xuntamente co do resto dos postos da organización municipal, xa se están realizando no marco de execución do contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a revisión da RPT, guías de funcións, estruturas organizativas e funcionais con perspectiva de xénero, e avaliación de suficiencia dotacional (expediente 43010/220). É dicir, non se trata duns traballos previstos "sine die" como din os recorrentes senón que xa están en execución e conforme a uns prazos previamente establecidos no propio contrato administrativo e conforme ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A este mesmo extremo facía referencia a anteriormente citada sentenza do TSX de Galicia 363/2024 de 15/05/2024, no senso de *"...se alega que el hecho de licitar la contratación de una empresa que se encargue de la valoración de puestos no significa que esta se llegue a aprobar por el Pleno de la Corporación, por lo que la situación de agravio se mantendría indefinidamente. Tampoco puede acogerse este argumento porque resulta poco verosímil que tras el encargo el Concello no exija a la empresa contratada el resultado de la valoración de puestos respecto a la cual lógicamente ha de pronunciarse el Concello, bien aprobándola tal como se propone, bien modificándola en algún extremo, pero en todo caso siempre generando algún acto administrativo que propicie acudir a la impugnación judicial por parte de quien se halle disconforme"*.

Tampouco é certo como afirman os recorrentes que se procedeu á valoración singular de outros postos de traballo na modificación da rpt agora recorrida, xa que, o obxecto principal do acordo de rpt 2024 do Concello de Vigo agora recorrido, tiña como obxecto a súa adaptación ao recollido no Capítulo I dos Orzamentos municipais para o vixente exercicio e corrección de erros materiais, pero sen que se procedese a avaliación singular de ningún posto a efectos da posible revisión das súas condicións retributivas, dado que estas posibles revisións están á espera do resultado dos traballos de contrato tantas veces mencionado, tramitado no expediente 43010/220.

Respecto á solicitude de que os efectos económicos inherentes deben producirse dende a data de toma de posesión dos recorrentes, 12/04/2024, a desestimación do motivo principal como é a revisión inmediata do complemento específico conleva que tamén decaia dita petición, e será, chegado o caso, unha vez que se realice a previa valoración necesaria do posto, cando se analizará, se procede, os posibles efectos retroactivos conforme a algún dos supostos taxados do artigo 39.3 da LPACAP.

Sobre a petición de que se teñan en conta a efectos do cálculo de antigüidade e de cosolidación do grao persoal o tempo no que supostamente estiveron traballando realizando "de facto" esas funcións con anterioridade a ocupar o posto, excede do obxecto de debate do presente recurso, dado que non forma parte do acto administrativo recorrido. Dita petición deberá instarse en procedemento independente nos termos do artigo 70 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, Regulamento Xeral de Ingreso do personal al servicio de la Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional (RXI) (de aplicación supletoria ao persoal da admnistración local) e demais normativa de aplicación.

Para finalizar, á vista de que a solicitude recolle a petición da declaración de nulidade o, cómpre lembrar o carácter restritivo das causas de nulidade dun acto administrativo, non só

referida a que deben fundamentarse nos supostos taxados na lei, senón que ademais debe estar motivado o seu encaixe dentro de algún deses supostos. Citando a título de exemplo a STS, de 12/06/2008, non procede simplemente cando se cita o precepto que sanciona a nulidade pretendida (hoxe o artigo 47 da LPACAP) e isto se fai de maneira xenérica, sin especificar a que concreto motivo se refire.

No presente suposto nin se cita o artigo 47 e moito menos se encaixa en ningún dos apartados específicos de dito artigo.

Polo exposto, deben desestimarse os recursos presentados, sen prexuízo do resultado dos traballos realizados no marco de execución do contrato de servizos de asistencia técnica especializada para a análise e valoración de postos de traballo (apt e vpt); avaliación de suficiencia dotacional e análise de estruturas organizativas e funcionais do Concello de Vigo.

Con respecto ao segundo escrito presentado por AGUIAR CASTRO (documento nº 240372429 , presentado extemporaneamente en data 25/11/2024, que non deixa de ser unha copia do recurso presentado polo mesmo interesado en data 19/10/2024), ademais de estar presentado de xeito extemporáneo conforme ao artigo 124 da LPACAP, en relación co artigo 30.4 da mesma lei, o principio de preclusión non só garante que os trámites establecidos no procedemento se realicen dentro do prazo legalmente establecido, senón tamén que unha vez exercido ou realizado, se esgota o dereito de dito trámite con independencia do prazo que reste, sin posibilidade da súa repetición sucesiva, en garantía do principio de seguridade xurídica do artigo 9.3 da CE.

A interposición do recurso non é un acto procesal (ou procedimental neste caso) de formación sucesiva ou provisorio susceptible de repetición, senón de realización única que se perfecciona e se considera xuridicamente existente cando o escrito de interposición se presenta ante o órgano competente. En caso contrario, conlevaría a primar o descoido á custa do esmero na actuación procesal ou procedimental, e podería provocar situacións absurdas ao dar a entender que se poden presentar, sempre que se faga dentro do prazo, sucesivas versións do escrito de interposición do recurso (na liña manifestada pola xurisprudencia ao respecto, entre outras, na Sentenza Tribunal Supremo, Sala Primera, de lo Civil, 1744/2023 de 18 Dic. 2023, Rec. 3465/2019).

En base ao exposto, o escrito presentado extemporaneamente en data 25/11/2024 a través do documento nº 240372429 , debe terse por inadmitido, non obstante, como é unha simple copia do recurso inicialmente presentado polo mesmo interesado dentro do prazo establecido, a contestación viría sendo a mesma recollida na fundamentación do presente informe proposta.

IV.- ÓRGANO COMPETENTE

O órgano competente para a aprobación da relación de postos de traballo e, en consecuencia, das súas modificacións é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do disposto no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, correpondéndolle igualmente a competencia para a resolución dos recursos presentados contra dita aprobación, conforme ao artigo 123 da LPACAP.

PROPOSTA DE ACORDO:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

PRIMEIRO: Desestimar os recursos de reposición presentados por C. Aguiar Castro (documento 240325594) e L. Expósito Olalla (documento 240325608) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/09/2024, de resolución de alegacións e aprobación definitiva da Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo 2024, (expediente 43933/220), conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos.

SEGUNDO: Contra o presente acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1002).- NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL, DE UN OFICIAL DE MANTEMENTO - OEP 2017, 2018, 2019 (3ª FASE). EXPTE. 43688/220.

Visto o informe de fiscalización de data 09/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/12/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 11/10/2024, adoptou o seguinte acordo con respecto ao expediente 43688/220:

*“PRIMEIRO.- Contratar como empregados públicos municipais en réxime laboral fixo, con cargo ás prazas vacantes convocadas de Oficial mantemento, pola quenda libre, equiparadas ao subgrupo C2 de titulación, que figuran incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, a Rubeñ Guisande Alonso, con DNI ***3556** e Víctor González Cortegoso, con DNI ***1290**, que foron propostos polo órgano de selección, por seren os aspirantes que superaron o proceso selectivo e acadaron as maiores puntuacións.*

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

SEGUNDO.- Declarar deserta unha praza vacante de Oficial mantemento ofertada na OEP 2017-2018-2019 (BOPPO nº 248 de 29/12/2017; BOPPO nº 227 de 26/11/2018; BOPPO nº 174 de 11/09/2019), pola quenda libre, reservada para persoas con diversidade funcional, ao renunciar á praza o único aspirante proposto polo órgano de selección, J. L. Silva Pereira.(...)”.

II.- En data 24/11/2024 (doc. 240372190), dentro do prazo outorgado e antes da formalización e sinatura do contrato en réxime laboral fixo, o aspirante Víctor González

Cortegoso, con DNI ***1290**, presenta escrito de renuncia á praza de Oficial mantemento para a que fora nomeado, por obter praza de funcionario en outra administración.

III.- De acordo coa acta do tribunal cualificador do proceso selectivo incorporado ao expediente e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2024, figura en primeiro lugar na lista de reserva de oficial de mantemento Borja Argibay Cusi con DNI ***5574**.

IV.- Segundo informe de verificación previa realizado polo persoal administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación incorporado ao expediente (trámite 140), o novo aspirante proposto presentou no prazo establecido a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas bases do procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. "1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artículo 103."El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Emprego Público:

O seu artigo 7 establece que:

"El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se regirá por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho."

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

"1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

II.- Renuncia do candidato proposto e chamamento do seguinte aspirante

O aspirante Victor González Cortegoso, con DNI ***1290**, que fora nomeado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 11/10/2024, para a praza en réxime laboral fixo de oficial de mantemento da OEP 2017-18-19, equiparada ao subgrupo C2, presentou escrito de renuncia a dita por obter praza de funcionario en outra administración.

Conforme ao artigo 94 da LPACAP, todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos; renuncia que a administración aceptará de plano, e se a cuestión suscitada entrañase interese xeral ou fose conveniente substanciala para a súa definición ou esclarecemento, poderá limitar os efectos ao interesado e seguirá o procedemento.

No presente suposto a renuncia dun dos candidatos nomeados prodúcese antes da súa toma de posesión, que ao ser laboral fixo, neste caso se produciría coa formalización e sinatura do respectivo contrato.

Conforme ao recollido nas bases xerais do proceso selectivo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 07/07/2020, no seu apartado 8.4.6, sempre que os órganos de selección propuxesen o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e con fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias de aspirantes seleccionados/as, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano que convoca poderá requirir do órgano de selección relación complementaria de aspirantes que sigan os/as propostos/as, para o seu posible nomeamento como funcionarios/ as de carreira ou persoal laboral fixo, nos termos do establecido no Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do do Estatuto do Empregado Público (TREBEP).

Conforme ao anterior, e tal e como se recolleu nos antecedentes, no presente caso figura en primeiro lugar na lista de reserva de oficial de mantemento do proceso selectivo da OPE 2017-2018-2019, Borja Argibay Cusi con DNI ***5574**.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia presentada polo aspirante D. Victor González Cortegoso, con DNI ***1290** a ser contratado con cargo a unha praza de Oficial de mantemento, pola quenda libre, equiparada ao subgrupo C2 de titulación, que figuraba incluída na Oferta de Emprego Público dos anos 2017-2018-2019, conforme aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

SEGUNDO.- Contratar como empregado público municipal en réxime laboral fixo, con cargo a unha praza vacante convocada de Oficial de mantemento, pola quenda libre, equiparada ao subgrupo C2 de titulación e que figuraba incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2017-2018-2019, ao seguinte aspirante D. Borja Argibay Cusi con DNI ***5574**.

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo terceira do apartado B) Persoal laboral, a presente contratación unicamente terá efectos coa formalización do contrato laboral fixo, que deberán asinar os aspirantes propostos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a da notificación do presente acordo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1003).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE PUBLICIDADE PARA AS CAMPAÑAS E ACCIÓNS DE COMUNICACIÓN, PUBLICIDADE E PROMOCIÓN TURÍSTICA IMPULSADAS DESDE O SERVIZO DE TURISMO. EXPTE. 8730/104.

Visto o informe xurídico de data 05/12/2024 e o informe de fiscalización de data 09/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/12/2024, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo

ANTECEDENTES

a) A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de , acordou en data 29 de decembro de 2023.

“Adxudicar a ECOVIGO PUBLICIDAD S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo por un prezo de 291.293,69 (IVE engadido) e coas seguintes condicións:

- Cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezos máximos das tarifas oficiais de cada un dos espazos publicitarios dos medios de comunicación do 60%.
- Cunha porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario máximo para o deseño da imaxe e proposta de creatividade das campañas do servizo de Turismo do 50,76%.
- Cunha porcentaxe de desconto dos prezos unitarios máximos para a realización e produción de cuñas radiofónicas de 30 segundos que incluírán produción de dereitos, montaxe e locutor do 46,28%
- Cunha redución dos prezos unitarios máximos para a elaboración de accións específicas de comunicación e promoción do 50,76%.
- Cunha redución dos prezos unitarios para a impresión do material gráfico do 67,50%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) En data 23.01.24 formalizouse o contrato administrativo que recolle na cláusula 4: “O contrato comezará o 24 de xaneiro de 2024 e terá un prazo de duración dun ano. Contémplanse 3 prórrogas dun ano de duración cada unha”.

c) En data 13.11.24 previa comunicación, a mercantil Ecovigo Publicidad S.L. amosa a súa conformidade coa prórroga do contrato dun ano (entre o 24 de xaneiro de 2025 a 23 de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

xaneiro de 2026).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- O obxecto da presente licitación, é a contratación dunha axencia de publicidade para realizar os servizos de creación, planificación, xestión, produción e compra de espazos publicitarios en diferentes medios e soportes, así como a execución e o seguimento dos mesmos, para a difusión nos distintos medios de comunicación das campañas e accións puntuais de comunicación, publicidade e promoción impulsadas desde o Servizo de Turismo do Concello de Vigo, relativas á promoción turística da marca Vigo como destino turístico, así como dar a coñecer, ás empresas e distintas asociacións que forman parte do sector turístico da cidade, as diversas campañas, accións, eventos, e incluso a estratexia turística da cidade, actualmente vixente, determina que o contrato comezara o día da súa sinatura debendo rematar 23 de xaneiro de 2025 e contemplan tres prórrogas de un ano de duración

Así mesmo o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o contrato prevé na cláusula 4. f das follas de especificacións do contrato tres prórrogas dun ano de duración cada unha. E a cláusula 7.3 do PCAP, conforme o artigo 29 da LCSP sinala que as prórrogas son obrigatorias para o adxudicatario sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e se lle notifique con dous meses de antelación a finalización do prazo da duración do contrato. Quedando exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

Neste senso cómpre sinalar que a prórroga do prazo de duración outórgase co fin de que o contratista execute a prestación contratada outra vez, por un novo período (anual) e durante o prazo de execución previsto no prego (entre o 24 de xaneiro de 2025 a 23 de xaneiro de 2026)

II.- A actual empresa adxudicataria ECOVIGO PUBLICIDAD S.L no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo ós criterios marcados no prego de condicións técnicas, de xeito satisfactorio.

Os traballos a realizar pola empresa adxudicataria consistiron nas seguintes actuacións:

- Deseño da imaxe e as creatividadeas individuais para cada unha das campañas anuais previstas no presente contrato coas súas posibles subcampañas ou desenvolvemento de accións puntuais dentro de cada unha delas.
- Planificación e execución do Plan de Medios, das diferentes campañas publicitarias ou accións concretando as actuacións, os medios e soportes máis idóneos ao destino coa finalidade de conseguir a maior difusión e maior cobertura do público obxectivo
- Produción, maquetación e impresión de material gráfico e de anuncios en medios e soportes publicitarios.

- Negociación e contratación dos espazos publicitarios en todos os medios/soportes que se determinen no plan de medios.
- Seguimento e control das campañas de publicidade e das accións publicitarias planificadas nos distintos medios e avaliación de eficacia e resultados mediante a realización dunha memoria á finalización de cada campaña publicitaria.
- Desenvolvemento e execución de accións puntuais de publicidade e promoción turística que non estando incluídos nos anteriores resulten de interese.

III.- A prórroga resulta da necesidade de dar continuidade aos servizos de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o servizo de turismo do concello de Vigo, servizo que se atopa ligado as competencias municipais en materia de promoción turística da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local art 25,2.h) ” e segundo dispón o artigo 80.2.n da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, as actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

IV.- Os créditos para financiar a prórroga obtéranse da partida orzamentaria 4320.2260200 “Promoción e accións de comunicación e promoción turística” sendo necesario realizar documentos económicos coa seguinte distribución de anualidade.

PRORROGAS	MENSUALIDADES	IMPORTE (SEN IVE)	IMPORTE(CON IVE)
1ª PRORROGA 2025-2026	24/01/2025-31/12/2025	220.677,00€	267.019,17€
	01/01/2026-23/01/2026	20.061,59	24.274,52€
24/01/2025- 23/01/2026			
Total Orz.anual Licit.		240.738,59€	291.293,69€

Polo anteriormente exposto e, conforme establece LCSP 9/2017 do 8 de novembro , propónse á Xunta de goberno Local, previo informe xurídico e de intervención, a seguinte proposta de acordo.

Primeiro: Acordar a primeira prórroga anual do contrato da xestión de publicidade para as campañas e accións de comunicación, publicidade e promoción turística impulsadas desde o servizo de turismo do concello de Vigo, coas seguintes condicións:

- Prezo do contrato: 240.738,59€, sendo a cota correspondente ao IVE de 50.555,1€ o que fai un prezo total de 291.293,69€.
- Prazo de execución do contrato entre o 24 de xaneiro de 2025 a 23 de xaneiro de 2026.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Segundo: Asumir o compromiso de dotar ao presuposto do importe de 291.293,69€ necesario para desenvolver as prestacións, con cargo a partida orzamentaria 4320.2260200 “Promoción e accións de comunicación e promoción turística” , coa seguinte distribución de anualidades.

MENSUALIDADES	IMPORTE (SEN IVE)	IMPORTE(CON IVE)
24/01/2025-31/12/2025	220.677,00€	267.019,17€
01/01/2026-23/01/2026	20.061,59	24.274,52€
	240.738,59€	291.293,69€

Terceiro: Notificar o acordo de prórroga a empresa Ecovigo Publicidad S.L. con CIF B36614808 , nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1004).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE MULTAS URBANÍSTICAS. EXPTE. 17279/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/12/2024, asinado pola técnico de Tesourería e Xestión de Ingresos e conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas coercitivas que non foron ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro ditará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes sancións urbanísticas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dite a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas:

01 Exp 20399/423 (NIF *****476X)	1.500,00 €
02 Exp 16942/423 (NIF *****715B) e (NIF*****076Z)	1.000,00 €
03 Exp 20141/423 (NIF *****751B)	2.000,00 €
04 Exp 19977/423 (NIF *****022Y) e (NIF *****521J)	5.000,00 €
05 Exp 20083/423 (CIF V*****590)	3.000,00 €
06 Exp 1362/435 (CIF A*****604)	1.000,00 €
07 Exp 2923/435 (CIF H*****271)	1.000,00 €
08 Exp 3421/426 (NIF *****930F)	1.000,00 €
09 Exp 2276/435 (CIF A*****158), (CIF B*****315) e (NIF *****476T)	6.000,00 €
10 Exp 30241/421 (CIF B*****143)	1.000,00 €
11 Exp 456/435 (CIF H*****632)	2.000,00 €
12 Exp 2783/426 (CIF H*****846)	1.000,00 €
13 Exp 3813/435 (CIF G*****752)	1.000,00 €
14 Exp 2881/435 (NIF *****277X)	1.000,00 €
15 Exp 2962/435 (NIF *****277X)	2.000,00 €
16 Exp 24181/423 (CIF A*****397)	1.000,00 €
17 Exp 24181/423 (CIF A*****548)	1.000,00 €
18 Exp 3871/435 (NIF *****711D)	1.000,00 €
19 Exp 3012/435 (NIF*****487S)	1.000,00 €
20 Exp 3012/435 (NIF *****293M)	1.000,00 €
21 Exp 3014/435 (NIF *****487S)	1.000,00 €
22 Exp 3014/435 (NIF *****293M)	1.000,00 €
23 Exp 13101/423 (CIF A*****158)	3.000,00 €
24 Exp 2363/435 (CIF A*****158)	3.000,00 €
25 Exp 2364/435 (CIF A*****158)	5.000,00 €
26 Exp 2365/435 (CIF A*****158)	3.000,00 €
27 Exp 2366/435 (CIF A*****158)	3.000,00 €
28 Exp 2367/435 (CIF A*****158)	5.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

29 Exp 2368/435 (CIF A*****158)	3.000,00 €
30 Exp 2761/435 (CIF A*****158)	3.000,00 €
31 Exp 3137/435 (CIF A*****158)	3.000,00 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1005).- APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2024 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 16981/407.

Visto o informe de fiscalización de data 27/11/2024, e o ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo de data 03/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 27/11/2024 asinado polo técnico superior de actividades económicas e conformado polo xerente e o secretario da Xerencia municipal de Urbanismo e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes e fundamentación.

Con data 27 de decembro de 2023 aprobouse con carácter definitivo o Orzamento do Concello para o exercicio 2024, incluíndo o do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo". Dito Orzamento, no seu Anexo de Persoal, incluía un cadro de persoal con 110 prazas, das que 11 se encontran vacantes e sen estar pendentes da súa dotación ou provisión (están sen concluír o proceso de estabilización e a execución das ofertas públicas de emprego 2021 e 2022, así como determinados procesos de provisión de postos).

Estas prazas "ofertables" son as seguintes:

- Técnico/a de Administración Xeral: 2.
- Arquitecto/a: 1.
- Técnico Medio de Xestión: 1.
- Administrativos: 8
- Auxiliar administrativo: 1.

As baixas do exercicio 2023 e deste ano en curso acada o número de 8 (taxa de reposición =9), polo que se propón a seguinte oferta de emprego público:

I) Promoción interna:

- 1 Técnico/a Medio de Xestión.
- 1 Administrativo/a.
- 1 Auxiliar administrativo/a.

II) Acceso libre:

- 2 Técnicos de Administración Xeral.
- 1 Arquitecto.

5 Administrativos.

Toda vez que as prazas que se convoquen na quenda de promoción interna no computan a efectos de taxa de reposición de efectivos, as oito de acceso libre cumpren coa taxa de reposición de efectivos regulada polo artigo 20 da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para 2024 (120% das baixas), podéndose engadir ó acceso libre unha praza de administrativo, que quede sen cubrir na quenda de promoción interna.

Dita proposta foi obxecto de negociación cos representantes sindicais o pasado 3 de outubro de 2024.

II.- Fundamentación xurídica.

Unha vez aprobado o cadro de persoal, de conformidade co previsto no artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, a Corporación Local debe formular a súa Oferta de Emprego Público, de forma que a selección do persoal se efectúe a través da mesma, garantindo os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

Consonte ó disposto polo artigo 70.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), *“as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de emprego público...”*.

Os apartados 2º e 3º do propio artigo 70 do TRLEBEP establecen:

“2.- A Oferta de emprego público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada en el Diario oficial correspondente.

3.- A oferta de emprego público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

Por outra parte, a Administración ten a obriga de fomentar a promoción interna do seu persoal. O artigo 18.4 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público establece que *“as Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional”*. Dita promoción interna configúrase, ademais, como un dos dereitos individuais dos funcionarios (artigo 14.c do propio TRLEBEP).

O artigo 20.Un da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308 de 24.12.2022), prorrogada ao ano 2024, establece que *“las entidades locales que tuvieran amortizada su deuda financiera a 31 de diciembre del ejercicio anterior tendrán un 120 por cien de tasa (de reposición) en todos los sectores”*.

Na oferta de emprego público proposta para 2024, dáse cumprimento ás previsións contidas na normativa vixente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

III.- Proposta.

A aprobación da oferta de emprego público, consonte ao artigo 3.8 dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo, resérvase ao Concello de Vigo. Toda vez que a Lei 57/2003, do 16 de decembro, asignou a competencia de aprobación da oferta de emprego público na Xunta de Goberno Local de forma indelegable (artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local), será este órgano o que aprrobe a presente proposta.

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto, o Consello da Xerencia propondrá á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar a oferta de emprego do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo para o ano 2024, integrada polas seguintes prazas vacantes correspondentes todas a persoal funcionario:

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
2	Técnico/a Admon. Xeral	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Arquitecto/a	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
5	Administrativo/a	C1	Admón. Xeral	Administrativa		Libre
1	Técnico Medio Xestión	A2	Admón. Xeral	Técnica	Media	Prom. interna
1	Administrativo/a	C1	Admón. Xeral	Administrativa		Prom. interna
1	Auxiliar administrativo/a	C2	Admón. Xeral	Auxiliar		Prom. interna

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no Diario Oficial de Galicia e na web deste Concello de Vigo a citada Oferta de Emprego Público 2024 deste Organismo Autónomo “Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Resolución de recurso de reposición relativo á convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2022-2023. Expte. 9910/335.

- .- Resolución da convocatoria de subvencións para festas tradicionais e patronais e desenvolvemento de actividades socioculturais período 2023-2024. Expte. 10235/335.
- .- Oferta de emprego público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2024. Expte. 43395/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

11(1006).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN RELATIVO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2022-2023. EXPTE. 9910/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 11/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola secretaria de Administración Municipal e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.

2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.

3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

4. A Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16.02.2024 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, "Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente". Entre estas, á Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110).

5. Dito acordo, así como o prazo de interposición do recurso, foi notificado á Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110) (notificación recibida o 01.03.2024).

6. Con data 05.03.2024 a entidade presenta recurso de reposición (código de solicitude núm. W1072238-662) ante o órgano que dictou a resolución.

7. A Comisión de Avaliación, con data 27.05.2024, acorda que á Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110) correspóndelle unha subvención por importe de 971,50 €.

8. O 03.06.2024 emítese informe proposta polo enxeñeiro municipal estimando o recurso de reposición e propondo a concesión dunha subvención á referida entidade por importe de 971,50 €.

9. O 04.06.2024 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o recurso de reposición interposto.

10. O 14.08.2024 o enxeñeiro municipal detecta un erro na cuantía da subvención outorgada, emitindo informe ao respecto.

11. Por resolución de 24.10.2024 da concellería delegada de área de goberno, désígnase á secretaria de administración municipal, D^a Pilar del Carmen Saborido Díaz, instrutora dos expedientes das bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais.

12. Con data 25.10.2024 reúnese a Comisión de Avaliación acordando:

"Esta administración de oficio detectou un erro material que se evidencia na valoración dos criterios de avaliación recollidos na cláusula sétima, en concreto nos criterios para avaliación do programa, no punto 1B) Masa Social e representativa, valorado inicialmente con 12 puntos, cando realmente correspóndelle unha puntuación de 2.

En conclusión, tendo en conta os gastos subvencionabeis establecidos na base segunda da convocatoria, a avaliación da solicitude á que optan ao concepto subvencionábel Liña 2, a Comisión de Avaliación acorda:

Expte.	Entidade	Programa	Puntos	Importe solicitado	Importe concedido
9910-335	Asoc. Banda de Música Unión Musical de Valladares	Concerto de Primavera	57	1.350,00 €	826,50 €

Considerase que a entidade Asoc. Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110) correspóndelle unha subvención por importe de 826,50 € unha vez correxido o erro detectado na puntuación outorgada no criterio de valoración 1B)".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Ao considerar que xa consta informe xurídico sobre o recurso de reposición interposto polo interesado e que a sesión da Comisión de Avaliación de 25.10.2024 só tivo como finalidade corrixir o erro detectado no importe subvencionable, segundo informou o 14.08.2024 o enxeñeiro municipal.

De conformidade co artigo 109. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, "*Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos*".

O concepto de erro de feito ou aritmético foi amplamente ponderado pola xurisprudencia, quedando caracterizado na súa doutrina como aquel que resulte ostensible, manifesto, indiscutible, implicando por si só a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos e exteriorizándose prima facie, pola súa soa contemplación. Ademais, a rectificación de erros non pode supoñer a declaración de nulidade do acto que se rectifica, polo que non é unha modalidade da revisión de oficio, quedando limitado o seu uso á corrección daqueles erros que permitan a subsistencia do acto que os contén porque precisamente a súa corrección faga conforme o formulado co o pretendido.

Dado que obsérvase que só trátase dun erro aritmético, sen variación nos restantes trámites do expediente, INFÓRMASE que se axusta á normativa aplicable e remítome ao restos dos informes obrantes no expediente.

Coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- ESTIMAR o recurso de reposición interposto pola Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 16.02.2024.

SEGUNDO.- ACEPTAR a solicitude de subvención para as actividades "Concerto de Primavera", cun orzamento de 1.350,00 €.

TERCEIRO.- CONCEDER unha subvención por importe de 826,50 € conforme a acta da antedita Comisión de valoración, que se achega neste expediente, á Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110) pola celebración do "Concerto de Primavera" con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

CUARTO.- Notificar a presente resolución á Asociación Banda de Música Unión Musical de Valladares (G36639110). Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1007).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA FESTAS TRADICIONAIS E PATRONAIS E DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2023-2024. EXPTE. 10235/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 11/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/12/2024, asinado pola secretaria de Administración municipal e conformado polo concelleiro delegado de Goberno, que di o seguinte:

Con data 13 de setembro de 2024 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2023 – 2024 (expte. 10235/335). A cantidade destinada á presente convocatoria ascende a 395.000,00 € con cargo á partida 3380.489.0000 (Transf. a entidades e comisións de festas) do programa de Festas para o vixente exercicio.

Con data, 20 de setembro de 2024 foron publicadas no BOOPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do Servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2023 - 2024. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou dende a publicación do extracto no BOOPO, (26 de setembro de 2024) finalizando o 17 de outubro de 2024, ambos os dous incluídos.

Ante a gran cantidade de información e documentación que xenera esta subvención, a fin garantir que a tramitación e pagamento das subvencións se poda realizar con cargo ao presente exercicio económico e tendo en conta que o Servizo de Comercio e Festas Especiais non dispón dos recursos técnicos e de persoal suficientes para a realización destes traballos e non estando prevista na Relación de Postos de Traballo, por resolución da concellería delegada de 18.09.2024 (expte. 10617-106) adxudicouse á empresa SERVICIOS DE COLABORACION INTEGRAL SL, (B96067400) o contrato menor para “prestación do

servizo de supervisión, inspección e xestión administrativa dos eventos e programas obxecto de subvención no Servizo de Comercio e Festas Especiais”.

Vista a actas da Comisión de Avaliación de 15.11.2024 e 04.12.2024 que leva anexa a folla de cálculo co detalle das puntuacións e dos importes concedidos.

Faise constar que, de acordo co establecido no artigo 21.4 da Lei de Subvencións de Galicia, da información que obra en poder do órgano instructor, despréndese que todos os beneficiarios cumpren cos requisitos necesarios para acceder a subvención.

Compróbase, conforme o informe de D^a Esther Sánchez Nájera de 15.11.2024, que o expediente de cada solicitante proposto como beneficiario contén os certificados acreditativos de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo de conformidade co artigo 22 RD 887/2006 con carácter positivo e vixente, polo que faise necesaria a tramitación desta subvención co compromiso orzamentario no ano do seu inicio e executándose con cargo aos orzamento do ano 2024.

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar as subvencións, unha vez realizado o evento e sempre antes do 15.11.2024; dada as datas en que nos atopamos, procede conceder unha prórroga para o prazo de xustificación xa que do propio expediente acredítase que en dita data as subvencións non estaban concedidas, polo que difícilmente os beneficiarios poderían xustificar algo; dita prórroga está prevista na cláusula 13. 1 das bases *“O prazo sinalado para a xustificación, segundo o establecido no art. 70.3 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, Xeral de subvencións, poderá ser ampliado se concorreran causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local”*.

O artigo 70 do RLXS dispón que *“1. El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.*

2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común”.

Así mesmo o artigo 32 da LPAC vixente dispón “1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados. (.)”.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Esta ampliación propónse á reserva do que informe o departamento de intervención aos efectos de dar cumprimento á base 38 a das Bases de Execución do Orzamento do concello de Vigo para o exercicio 2024 segundo as que *“As Bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro, e a súa remisión á Intervención Xeral para a súa fiscalización, non será despois do prazo que en cada caso establezan as normas xerais de peche que se aproban anualmente. Aos efectos anteriores, o prazo de xustificación da subvención e a posta a disposición do servizo de fiscalización da documentación, estará regulada nas normas de peche que anualmente aprobe o/a Sr./Sra. Concelleiro/a da Área de Orzamentos e Facenda. No prazo límite da segunda semana do mes de novembro, está a incluír a proposta da xefatura do Servizo e a documentación a disposición do servizo de fiscalización”*.

Respecto ao órgano competente para é a Xunta de Goberno Local conforme ao previsto nas bases e no artigo 127. 1 g) LRBRL e, fronte ao acordo, proceden os recursos previstos nas bases reguladoras da convocatoria.

De conformidade co establecido no artigo 8. 1 c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno deberá facerse pública, entre outra información, a relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas, con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios.

En sentido similar pronúnciase o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, se ben a devandita Lei non resulta de aplicación ás Entidades Locais, na medida na que o seu artigo 3 non inclúe a estas últimas no seu ámbito subxectivo de aplicación.

Á vista do exposto, e de acordo co establecido na base oitava, punto 5 das bases, previo informe da Intervención de Fondos e coa conformidade do concelleiro de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Outorgar as seguintes subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, gastronómicas e actividades socioculturais – período 2023-2024 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispoñendo o gasto con cargo á partida orzamentaria 3380.4890000 “Transf. a entidades e comisións de festas” do orzamento en vigor:

1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos:

1.1. Festas de especial interese no ámbito urbano cunha antigüidade de máis de 60 anos e un presuposto superior a 60.000€ (IVE incluído), **cunha asignación fixa de 30.000,00 €:**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
17-1061	Hermanidad de Devotos de San Roque	G36763225	Romaria de San Roque

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.1): 30.000,00 €

1.2. Festas patronais e copatronais en barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

a) cunha antigüidade de máis de 50 anos e que teñan un orzamento superior a 60.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 18.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
27-1061	Asociación Irmandade de Santa Ana Beade	G36648095	Festas Patronais na honra de Sta Ana
2-1061	Irmandade de San Campio	G36840940	Festas Patronais San Campio
47-1061	Asoc.Cultural Hermandad Fiestas Dolores	G36846921	Festas das Dores de Cabral
52-1061	Asoc. Cult. Festas da Consolación de Coia	G36633030	Festas da Consolación de Coia
8-1061	Asoc. C. Fiestas Virgen de los Afligidos	G36790228	Festas Patronais da Virxe dos Afligidos

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,A): 90.000,00 €

b) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 12.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
14-1061	Asoc. Cult. Hdad Fiestas Sta Mariña-Cabral	G36837425	Festas Patronais Sta Mariña – Cabral
57-1061	Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá	G36954162	Festas Patronais Nosa Sra. das Neves
20-1061	Hermanidad de Fiestas Patronales San Blas e Santiago de Bembrive	G36705036	Festas Santiago Apostol
11-1061	Hermanidad de Fiestas Patronales San Blas e Santiago de Bembrive	G36705036	Festas de San Blas de Bembrive
26-1061	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Festas Patronais de San Cristobal
7-1061	Asoc. Irmandade Festas Patronais de Candeán	G36757003	Festas Patronais dulce nombre de María
15-1061	Comisión de Festas Sta. Eulalia de Alcabre	G56634306	Festas Patronais de Alcabre
25-1061	Irmandade de Festas de Sta. Cristina Lavadores	G729336107	Festas Patronais Sta Cristina de Lavadores
51-1061	Asociación Fiestas de San Lorenzo	G36401688	Festas de San Lorenzo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2,B): 108.000,00 €

c) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a 10.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 4.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
6-1061	Asociación de Cultura e Festas de Castrelos	G36717973	Festa das Candelas e San Brais
12-1061	A. S. de Festas Virxe do Carme de Coruxo	G36723229	Festa Patronais Virxe do Carme
16-1061	Asoc. Festas a Paloma da Garrida- Valladares	G36962389	Verbena da Pomba
5-1061	Comisión de Festas San Xoan Bautista-Freixo Valladares	G36791846	Festas de San Xoan de Freixo
24-1061	Asoc de Veciños del Calvario	G36648293	Festa da Alegría 2024
9-1061	de Festas Nosa Sra. das Neves a Guia	G36731404	Festas da Guia
59-1061	Asoc. Irmandade Nosa Sra. das Neves-Matamá	G36954162	Romaria de San Amaro
38-1061	Monte Veciñal en Mancomún de Beade	V36641371	Festa do Monte

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.2.C): 32.000,00 €

1.3. Festas gastronómicas de especial interese en barrios e parroquias que teñan unha antigüidade de máis de 15 anos, **asignación fixa de 4.000,00 €**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
31-1061	Centro Recreativo y Cultural de Cabral – Vigo	V36658680	XXXV Romería do Pan de Millo
37-1061	Asoc. de Veciños da Feira Cabral	G36729796	XXIV Festa do Xurelo
30-1061	Asociación Cultural O Coto	G36627941	XXXVI Festa do Cabazo
56-1061	Asoc. de Veciños de Beade AVCU-CSCR	G36632081	Festa – Feira da Cereixa

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.3): 16.000,00 €

1.4. Festivais Folclóricos Internacionais en barrios e parroquias que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

1.4.1) Cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 12.000,00 €.**

Non se presentou ningunha entidade

1.4.2) Cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a 10.000,00 € (IVE incluído), **asignación fixa de 4.000,00 €:**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
3-1061	Centro Recreativo Artístico e Cultural Coruxo	G36627495	Festival Folclórico Internacional

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionabel 1.4): 4.000,00 €

1.5. Festas etnográficas, folclóricas e de música tradicional de outras autonomías que se veñan desenvolvendo de forma continuada.

a) cunha antigüidade de máis de 25 anos e que teñan un orzamento superior a 30.000,00 € (IVE incluído), **signación fixa de 12.000,00 €.**

Expte.	Nome da Entidade	CIF	Programa
33-1061	Casa de Andalucía	G36621290	Feria de Abril de Vigo

b) cunha antigüidade de máis de 15 anos e que teñan un orzamento superior a **10.000,00 €** (IVE incluído), **asignación fixa de 4.000,00 €.**

Non se presenta ningunha entidade.

Sendo o importe total concedido para o concepto subvencionable 1.5): 12.000,00 €

O importe total concedido ao concepto subvencionable 1.- Festas tradicionais e patronais, gastronómicas e festivais folclóricos ascende a **292.000,00€**

SEGUNDO.- Unha vez finalizada a avaliación das solicitudes que optaron ao concepto subvencionable 1. distribuir o saldo restante (103.000,00 €) entre as solicitudes que optaron aos conceptos subvencionábeis 2., Actividades socioculturais e relacionadas coas artes escénicas:

2.1.-Proxectos de actividades relacionados coas artes escénicas, música, danza, artes plásticas e literatura: O nº máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

2.2.- Proxectos de actividades de dinamización sociocultural nos barrios e parroquias: O número máximo de programas a presentar será de DOUS (2).

TERCEIRO.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 20 de decembro de 2024 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

CUARTO.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1803/1102

QUINTO.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13 (1008).- OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO CORRESPONDENTE AO ANO 2024. Expte. 43395/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 12/12/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/12/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 29/12/2023 foi incoado expediente electrónico 43395/220, tendente á aprobación da oferta de emprego público correspondente ao ano 2024, en orde de incoación asinada pola Concellería da Área de Goberno competente en materia de persoal, co teor literal seguinte:

“Ordenar a incoación de expediente administrativo, no contexto do marco legal de aplicación, para a aprobación da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo correspondente ao ano 2024, previa a tramitación administrativa que proceda conforme a Dereito, e a emisión da proposta de acordo correspondente, nos termos do previsto na normativa vixente.”

II.- Con carácter previo a formulación da proposta técnica respecto da Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2024 (OEP-2024), solicítase da Intervención Xeral se informe respecto si esta Administración ten amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio 2023, aos efectos de determinar a taxa de reposición de efectivos (TRE) conforme ao disposto no artigo 20.Dos.1.b) da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (LOXE-2023), que en data 15/02/2024 contesta co seguinte informe:

“Que conforme aos datos e a información que obran en poder desta Intervención (incorporados pola oficina de contabilidade á oficina virtual de coordinación financeira do MINHAP), o Concello de Vigo ten amortizada a súa débeda financeira a 31 de decembro do exercicio 2023”.

III.- Ante o contexto a data actual, da falta de aprobación dunha nova Lei de orzamentos, en data 12/09/2024, pola Xefatura da Área de RR.HH e Formación trasladouse consulta ao Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública do Goberno de España respecto da taxa de reposición de efectivos (TRE) a aplicar á OEP-2024 (Exp.45175/220), obténdose resposta (trámite 14 do citado expediente) co seguinte teor literal:

“La Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 2023 se encuentra actualmente prorrogada en el año 2024, por lo que las medidas que se incluyen en la misma sobre tasa de reposición siguen estando vigentes y son vinculantes”.

IV.- En data 21/11/2024, o técnico de xestión do programa de RRHH e Formación, emitiu informe técnico sobre as prazas vacantes existentes no cadro de persoal susceptibles de ser incluídas na oferta de emprego público 2024, e con carácter previo á celebración da Mesa xeral de Negociación.

V.- Consta realizada a preceptiva negociación colectiva, efectuada na Mesa Xeral de Negociación, en sesións de datas 29/11/2024 e 04/12/2024.

VI.- En data 11/12/2024, a técnica de Avaliación e Formación de RRHH emite informe técnico definitivo que se transcribirá nos fundamentos xurídicos, onde se recollen as vacantes conforme ao acordado na Mesa Xeral de Negociación con algunha corrección de erros referida a algunha dotación tal e como se motivará.

VII.- O expediente deberá ser sometido á correspondente fiscalización previa e preceptiva, nos termos do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- LEXISLACIÓN APLICABLE

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP)

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

